



NORMATIVA CAVERNÍCOLA RACE DE BARBADÁS

1. ORGANIZADOR

A CAVERNÍCOLA RACE DE BARBADÁS é unha carreira de obstáculos que se celebra no Concello de Barbadás (9 de maio do 2026).

2. PARTICIPACIÓN E IDADE MÍNIMA

Para poder participar na carreira a idade mínima é de 16 anos no momento de celebración da proba.

Os participantes de 16 e 17 anos teñen que traer un permiso firmado polo pai/nai ou tutor.

3. MODALIDADES DEPORTIVAS

Os competidores podrán participar en calquera das modalidades que se ofrece:

- ÉLITE
- STARTER
- POPULAR
- CLUBES

Dentro da categoría elite habrá 3 subcategorías por idade:

- PROMESAS (hasta 24 anos)
- SENIOR (de 25 a 39 anos)
- MASTER (de 40 anos en adelante)

A idade a ter en conta será a idade a fecha de 31 de decembro.

A tande ÉLITE seguirá as normas da Liga AOCO.

A tanda ÉLITE cada corredor contará con 3 vidas para poder superar tódolos obstáculos.

A tanda Starter cada corredor contará con 5 vidas para poder superar tódolos obstáculos coa normativa da Liga de AOCO.

Cada vida serán 5'' de penalización e si se perden as 5 vidas será unha hora de penalización.

3. SAÍDA DA CARREIRA

A carreira dispútase mediante un sistema de tandas. Cada 10', tomará a saída un grupo de 50 corredores.

A saída da carreira será do Polideportivo Municipal de Barbadás.

Nos días previos á carreira publicárase o listado cos nomes dos integrantes de cada tanda.

A través da megafonía realizarase o chamamento para a formación das diferentes tandas.



Os participantes deberán estar na zona de saída 10´antes do inicio da súa tanda e identificarse ós membros da organización da proba.

O percorrido da CAVERNÍCOLA RACE BARBADÁS transcurrirá polo Concello de Barbadás por circuitos o aire libre.

Unha vez inscrito nunha tanda, non se pode cambiar de tanda, a organización non se responsabiliza de que o tempo cronometrado sexa real.

Os corredores enfrentaranse a probas de auga, barro, obstáculos de forza, coordinación, equilibrio ,etc.

4. INSCRICIÓN

A inscrición realizarase a través da web <https://sportmaniacs.com/es>.

Non será posible o cambio dunha tanda a outra unha vez formalizada a inscrición.

A organización poderá variar a hora da tanda na que se inscribe cada participante, dependendo do número de atletas anotados ou aumentar o número de participantes por tanda.

Os menores de 18 (ata 16 anos) anos e necesario que entreguen unha autorización firmada por un tutor legal

5. INVITACIÓNS

As invitacións serán válidas ata o 1 de maio, e só pode participar a persona que este inscrita

6. ENTREGA DE DORSAIS

A entrega de dorsais realizarase no Polideportivo de Barbadás, avisando por redes sociais do día de entrega.

Para recoller o dorsal e o chip será necesario é imprescindible presentar o DNI.

O dorsal e o chip deberán acompañar o atleta en toda a carreira.

7. QUILOMETROS E OBSTÁCULOS

A carreira constará de 8 quilómetros e terá máis de 40 obstáculos.

Os corredores poderán axudarse entre eles se no primeiro intento non logran superar o obstáculo. Terán unha penalización diferente en cada obstáculo da que lle informará o xuíz.

8. PRECIO

A inscrición debe formalizarse online a través do enlace de SPORTMANIACS. Nela cubriranse tódolos datos e realizarase o pago on-line.

Cada inscrición e persoal e intransferible. Unha vez feita, non se devolverá o importe da mesma.

Tarifa de prezos:

27 XANEIRO O 8 DE FEBREIRO	25€
8 DE FEBREIRO O 28 DE FEBREIRO	30 €



1 MARZO ATA PECHE DE INSCRIPCIÓNS	35€
SOCIOS POLIDEPORTIVO	15 € (COTA ÚNICA)

- * Os socios do Polideportivo Municipal de Barbadás deberán estar dados de alta e co cobro efectuado no momento de realizar a inscrición.

9. PREMIOS

- ÉLITE masculino 3 primeiros clasificados.
- ÉLITE feminino 3 primeiras clasificadas.
- STARTER masculino 3 primeiros clasificados.
- STARTER feminino 3 primeiras clasificadas.

Para poder optar a clasificación xeral, será imprescindible superar tódolos obstáculos.

Só os participantes da tanda elite e starter optaran a trofeo.

10. CLASIFICACIÓNS

Publicaranse as clasificacións individuais de tódalas categorías.

A clasificación pódese ver a través da web de sportmaniacs.

Ademais das clasificacións, tódolos corredores terán acceso a unha galería de fotos da carreira nas nosas redes sociais.

11. SEGUROS

Cada atleta da proba participa na CAVERNÍCOLA RACE DE BARBADÁS baixo a súa enteira responsabilidade e asumindo que posúe unha condición física adecuada para afrontala. A organización disporá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e dun seguro individual.

Deste xeito, todos os participantes estarán cubertos pola póliza de seguros contratada pola organización.

Para poder facer uno do Seguro da carreira, o corredor terá que avisar a organización o mesmo día da proba para poder dar parte o seguro.

Unha vez finalizada a proba ou os días posteriores a mesma, a organización non se fará responsable dunha posible lesión do corredor se non avisou o mesmo día da carreira.

12. RESPONSABLES DA ORGANIZACIÓN

Haberá responsables da organización en cada obstáculo que comprobarán que se cumpren as normas, pero de ti depende superalos de forma axeitada.

Cualquera falta de respecto ante voluntarios, corredores ou público e motivo de expulsión da carreira, sen posibilidade de reembolso da inscrición.



13. CRONOMETRAXE

A cronometraxe será mediante un chip que se entregará aos corredores xunto co dorsal, excepto aqueles que xa dispoñen dun propio que nese caso será de obrigatoria utilización.

14. SEGURIDADE E PERCORRIDO

Durante o percorrido en caso de lesión haberá que comunicalo ao responsable da proba máis preto para que solicite asistencia.

Se durante a competición atopas a algún lesionado/ferido non intentes movelo; busca ao voluntario ou responsable máis preto e alertao. Eles chamarán á asistencia sanitaria.

Por motivos metereolóxicos, a organización poderá suspender a data prevista da realización da proba pola seguridade dos participantes.

15. SERVIZOS

Dispoñibles duchas e baños para antes e despois da carreira no Campo de Fútbol dos Carris.

Tamén habrá servizo de guardaropas.

A organización non se fai responsable de cualquier pérdida ou obxecto persoal no guardaropa.

16. SUSPENSIÓN DA PROBA

A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída ou chegada, retrasar a hora da carreira, así como suspendela por causas alleas á organización, comunicando dita decisión na web e nas redes sociais.

17. RESPONSABILIDADES DOS PARTICIPANTES

É responsabilidade única do atleta ser apto para a competición, é dicir, gozar dun nivel de saúde e preparación física, técnica e mental necesaria para afrontar unha proba deste estilo.

A organización está exenta de calquera responsabilidade por danos, prexuízos ou lesións que poida ocasionarse calquer participante.

Todo atleta que participe na proba acepta as normas señaladas anteriormente no momento de formalizar a inscrición, prevalecendo o criterio da organización en caso de dúbida.



18. ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Mediante a miña inscrición na CAVERNÍCOLA RACE DE. BARBADÁS, comprométome a cumprir a normativa que regula a proba así como as indicacións dos organizadores da carreira.

Pola presente: afirmo que estou físicamente preparado para a participación na carreira e ter pasado os recoñecementos médicos oportunos. Carezo de enfermidade algunha ou lesión que poida agravarse coa miña participación na proba.

Por iso, asisto por iniciativa propia a esta competición asumindo os riscos e consecuencias derivadas da miña participación.

Asumo e comprométome a cumprir as normas e protocolos de seguridade establecidos pola Organización para a carreira, así como manter un comportamento responsable que non aumente os riscos para a integridade física ou psíquica.

Seguirei as instrucións e acatarei as decisións que tomen os integrantes da organización polo ben da seguridade individual e colectiva.

A organización resérvase o dereito de cambiar ou modificar calquera información referente á carreira ou cancelar a mesma por causa maior.

Acepto a utilización de imaxes e vídeos nas redes sociais, e para promoción en carterlería, sendo necesario avisar a organización da non utilización de imaxes ou vídeos.

19. EXPULSIÓN DA CARREIRA

Será motivo de expulsión da carreira :

- Conducta antideportiva cos demais corredores, organizadores, público, xueces ou voluntarios.
- Non cumprir ca normativa de seguridade da carreira
- Desviarse do percorrido marcado pola organización